

ORDE 14/06/2010 PROGRAMAS DE FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL E DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO.

Promover a incorporación de persoas desempregadas ás entidades de economía social, apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación e modernización deste tipo de empresas, mediante unha mellora da súa competitividade, así como a promoción do cooperativismo a través dos seguintes programas:

1. PROGRAMA I: fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

BENEFICIARIOS

Cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios/as traballadores/as ou de traballo as persoas que estando inscritas como demandantes de emprego pertencen a algún dos seguintes colectivos:

- a) Mocidade menor de 25 anos que non tivesen antes un primeiro emprego fixo.
- b) Persoas maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración que estivesen sen traballo e inscritas na oficina de emprego durante, polo menos, 12 dos anteriores 16 meses, ou se fosen menores de 25 anos durante 6 dos anteriores 8 meses.
- d) Persoas desempregadas que teñan recoñecido o abono da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, para a súa incorporación como socios/as á sociedade cooperativa ou sociedade laboral que solicita a subvención, sempre que o período de prestación por desemprego que teñan recoñecido non sexa inferior a 360 días se teñen 25 anos ou máis, e a 180 días se son menores de 25 anos.
- e) Mulleres desempregadas que se incorporen como socias traballadoras ou de traballo nos vinte e catro meses seguintes á data do parto, adopción ou acollemento.
- f) Persoas desempregadas cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%.
- g) Persoas desempregadas en situación de exclusión social pertencentes a algún dos colectivos determinados no Programa de fomento do emprego vixente no momento da incorporación como socio.
- h) Traballadoras/es e traballadores vinculados á empresa por contrato de traballo de carácter temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de seis meses á data de solicitude da subvención.
- i) Mozos e mozas entre 16 e 24 anos que carezan de calquera título educativo ou profesional, adquirido con posterioridade ao ensino obrigatorio.
- j) Persoas desempregadas pertencentes a algún dos seguintes colectivos:

TIPOS DE AXUDA

1. Por cada persoa desempregada que se incorpore a xornada completa como socio ou socia traballador/a ou de traballo nunha cooperativa ou sociedade laboral, así como no suposto da incorporación como socio ou socia traballador/a ou de traballo das persoas vinculadas á empresa por un contrato temporal, a axuda será de 5.500 euros por cada persoa.

Estas contías veranse incrementadas do seguinte xeito:

- a. Cando a persoa incorporada pertenza ao grupo i) a contía incrementarase en 1.000 euros ata un máximo de 6.500 euros.
- b. Cando a persoa incorporada sexa unha muller desempregada a contía incrementarase en 1.500 euros ata un máximo de 7.000 euros.
- c. En caso de persoas desempregadas en risco de exclusión social incluídas na letra g) a contía incrementarase en 2.500 euros ata un máximo de 8.000 euros.
- d. No caso de persoas desempregadas e con minusvalía, igual ou superior a 33%, a contía incrementarase en 4.500 euros ata un máximo de 10.000 euros.

A ter en conta:

- Poderán ser beneficiarias as cooperativas e sociedades laborais que incorporen como socios traballadores as persoas vinculadas á empresa por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses e cunha duración mínima de 6 meses.
- A incorporación deberá supoñer un incremento do emprego fixo e do número de socios/as, respecto á media aritmética dos últimos doce meses anteriores á incorporación dos novos socios/as. Non se terán en conta as persoas traballadoras temporais.
- Non se concederá esta axuda cando se trate da incorporación de socios/as traballadores/as ou de traballo que tiveran relación coa empresa nos dous anos anteriores.
- No suposto de que a xornada de traballo sexa a tempo parcial, a contía da axuda será proporcional ao tempo efectivo de duración da xornada.

2. PROGRAMA II: mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

BENEFICIARIOS

Cooperativas con socios e socias traballadores/as ou de traballo e as sociedades laborais.

TIPOS DE AXUDA

1. Subvención financeira: redución de xuros de préstamos para financiar investimentos en inmaterial concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa consellería.
Esta subvención, pagadoira dunha soa vez, será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo.
A contribución do beneficiario/a ao financiamento dos investimentos deberá ser como mínimo do 25% .
O importe máximo desta subvención poderá alcanzar o custe total dos gastos financeiros sen superar 18.000 euros por entidade.
2. Subvención directa para a adquisición de inmaterial e inmaterial: realización de investimentos que contribúan á creación, consolidación ou mellora da competitividade de cooperativas e sociedades laborais, cun importe máximo de ata o 50% do custo de adquisición dos activos, excluídos impostos.
A contribución do beneficiario/a ao financiamento dos investimentos deberá ser como mínimo do 25%.
O importe máximo desta subvención será de 18.000 euros por entidade.

A ter en conta:

Para os tipos de axuda de 1 e 2:

- Poderán ser obxecto de subvencións os investimentos en terreos, construcións, instalacións técnicas, maquinaria, útiles, mobiliario, elementos de transporte e equipamentos para procesos de información, así como activos inmateriais vinculados coas novas tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Os investimentos realizaranse mediante a compra de activos novos. Non obstante, naqueles casos en que os investimentos se realicen mediante a compra de equipamentos de segunda man, deberán cumprirse os requisitos seguintes:
 - a) O vendedor ou vendedora do equipamento deberá facilitar unha declaración sobre a orixe do dito equipamento, confirmando que durante os últimos sete anos non se comprou con subvencións estatais ou comunitarias.
 - b) Acreditar, mediante un certificado expedido por unha perito independente, que o prezo dos equipamentos non é superior ao valor de mercado nin ao custo dun equipamento novo similar, que reúnan as características técnicas requiridas para a operación e que cumpran as normas aplicables.
- Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 € no suposto do custo por execución de obra, ou de 12.000 € no suposto de subministración de bens de equipo, o/a beneficiario/a deberá solicitar tres ofertas de diferentes provedores.

3. PROGRAMA III : impulso de proxectos empresariais cooperativos

BENEFICIARIOS

Cooperativas de nova creación ou as que acometan novos proxectos empresariais, así como as persoas e entidades que presten os servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos.

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas no número 3.1.2, Apoio ás cooperativas que presten servizos de natureza social e a comunidade, cooperativas de calquera clase que realicen as súas actividades na área dos servizos sociais, da integración social, da protección ambiental e do tempo libre, debidamente inscritas no Rexistro de Cooperativas de Galicia e que realicen as actividades obxecto deste programa no período comprendido entre o 16 de setembro de 2009 e o 31 de outubro de 2010.

TIPOS DE AXUDAS

1. Profesionalización e cualificación empresarial:
 - a. Axuda para a contratación de directores/as ou xerentes: poderanse subvencionar os gastos pola contratación de directores/as que sexan necesarios para a viabilidade da empresa. A contratación subvencionarase por un período máximo dun ano ata o 50% cun máximo de 20.000 euros por entidade.
 - b. Apoio ás cooperativas que presten servizos de natureza social e a comunidade: poderanse subvencionar ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo da incorporación como socios/as ou contratación de traballadores sociais, psicólogos ou outros profesionais de especial cualificación. A subvención calcularase para un período máximo dun ano a contía non poderá superar 18.000 euros por cooperativa.
 - c. Formación empresarial: axuda destinada a financiar os cursos relacionados con dirección e xestión empresarial ou TICs. A contía será ata o 75% do custe dos servizos prestados ata o límite de 20.000 euros por beneficiario.

2. Asistencia técnica:

- a. Asesoramento e acompañamento de proxectos que comprenderá desde a realización de actividades previas ao inicio da actividade, tales como a orientación do proxecto e accións formativas e informativas dos promotores, ata a elaboración do plan empresarial da cooperativa, o seu seguimento e asesoramento na execución.

A contía da subvención ascenderá a 30 € por hora de información, formación ou asesoramento por cada proxecto. O número mínimo de persoas asesoradas será de tres.

En función das persoas físicas promotoras directamente asesoradas, establécense os seguintes límites máximos:

- a) 3 persoas promotoras : ata 200 horas.
- b) Entre 3 e 5 persoas promotoras : ata 250 horas.
- c) Entre 5 e 10 persoas promotoras: ata 300 horas.
- d) Entre 10 e 15 persoas promotoras: ata 350 horas.
- e) Entre 15 e 25 persoas promotoras: ata 400 horas.
- f) Entre 25 e 50 persoas promotoras: ata 450 horas.
- g) Más de 50 persoas promotoras: ata 500 horas.

O número total de horas na preparación das actividades non poderá superar o 50% do total.

Se os/as promotores/as desisten do proxecto antes de finalizar, serán subvencionables as actuacións realizadas ata ese momento.

- b. Outras accións de asistencia técnica: serán subvencionables ata o 75% dos gastos ocasionados con motivo da posta en marcha dos proxectos que se indican a continuación, ata un máximo de 10.000 €
- Elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes económicos, ata un máximo de 8.000 euros.
 - Asesoramento para a elaboración dos estatutos sociais e regulamentos, ata un máximo de 2.000 euros.
 - Trámites derivados do proceso de constitución da cooperativa, ata un máximo de 2.000 euros

3. Axuda excepcional para o lanzamento da actividade:

- a. subvención de ata o 50% dos gastos necesarios para o inicio da actividade, cun máximo de 20.000 euros. Serán subvencionables a compra de mercadorías, materias primas, arrendamentos de local e maquinaria, publicidade subministracións sempre que se realicen no primeiro ano de actividade.

A ter en conta:

- A contía máxima das axudas dos puntos 1a e 1c (contratación de directores/as e formación) será de 20.000 euros por entidade.
- A contía máxima das axudas recollidas no apartado 3.2 terá un límite de 20.000 euros por cooperativa.

4. PROGRAMA IV: fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a

BENEFICIARIOS

Persoas demandantes de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego, que accedan á condición de socio/a dunha cooperativa de traballo asociado e as persoas asalariadas das sociedades cooperativas que accedan á condición de socio/a traballador.

TIPOS DE AXUDAS

A contía das axudas poderá ascender ata 4.500 €, e non poderá ser superior aos importes desembolsados en concepto de achega ao capital social e cota de ingreso.

5. PROGRAMA V : actividades de promoción de cooperativismo

BENEFICIARIOS

Sociedades cooperativas, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas, que fomenten o cooperativismo desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2010.

TIPOS DE AXUDAS

1. Para o fomento do cooperativismo serán subvencionables as actividades divulgativas ou formativas cos límites seguintes:
 - a) Actividades de duración inferior a 10 horas: ata 2.000 €
 - b) Actividades de duración superior a 10 horas: ata 3.000 €
 - c) Presenza en feiras: ata 5.000 €

Terán a consideración de actividades divulgativas ou formativas:

- Organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios.
- Elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais, e folletos divulgativos.
- Elaboración de proxectos de intercooperación e integración.
- Presenza da cooperativa en feiras, mostras e congresos.
- Participación dos socios/as e traballadores/as en cursos de formación para a mellora da dirección e xestión cooperativa.
- Realización da actuacións de divulgación e promoción do emprendemento baixo a fórmula cooperativa.
- Calquera outra acción promocional que fomenta o cooperativismo.

A contía das axudas previstas non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 30.000 euros por beneficiaria.

2. Para a adaptación as tecnoloxías da información e as comunicacións, serán subvencionables os seguintes programas:
 - a) Mantemento da páxina web da entidade cooperativa e a súa incorporación a redes informáticas, ata un máximo de 3.000 €.
 - b) Mantemento de sistemas telemáticos para a xestión empresarial e societaria, así como para comercio electrónico, ata un máximo de 10.000 €

A contía das axudas nesta modalidade non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 10.000 euros por beneficiaria.

Prazo de presentación xeral:

O prazo xeral rematará o día 24 de xullo de 2010

MAIS INFORMACIÓN

Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo (publicado no **DOG n.119 do 24 de xuño de 2010**).